

ACTA DA SESIÓN Nº 1 DA MESA DE CONTRATACIÓN RELATIVA Á LICITACIÓN POR
PROCEDIMENTO ABERTO PÚBLICO: SUBMINISTRACIÓN POR ARRENDAMIENTO DE STANDS,
MOQUETA, TARIMA, CARPAS, MOBILIARIO E COMPLEMENTOS PARA OS EVENTOS A
CELEBRAR POLA FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA NO ANO 2013 (REF.:6006/2013-01)

DATA: 30 de novembro de 2012

LUGAR: Oficinas FUNDACIÓN SEMANA VERDE DE GALICIA. Silleda.

ASISTENTES:

D. Manuel Sanmartín Alende (Director Económico - Financeiro), Presidente

D. Miguel Sánchez Varela (Director Comercial), Vogal

D^a. Silvia Regal López (Directora de Comunicación e Marketing), Vogal

D. Francisco Tomas Couso Gonzalez (Letrado da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia), Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón, Secretario

Reunidos os membros arriba indicados, procédese a constituír a Mesa de Contratación para o estudio e proposta de contratación do expediente enriba referenciado.

Non podendo asistir á reunión D. Carlos Mato Montoto, Director de Infraestrutura e servizos, delega as súas funcións no Presidente, D. Manuel Sanmartín Alende.

Procédese a apertura e valoración dos documentos contidos no sobre "A", sendo as ofertas presentadas as seguintes:

1. M^a DOLORES MARTÍNEZ – VARA DE REY, S.A. (MARVA)
2. TOLDOS BARRY, S.L.
3. ROMIAN PRODUCCIONES, S.L.

Da apertura e exame da documentación administrativa contida no sobre "A" dos ofertantes compróbase o seguinte:


1. M^a DOLORES MARTÍNEZ–VARA DE REY, S.A. (MARVA).- Revisada toda a documentación denótase a falta de: Escritura de apoderamento de D. Ignacio Cabral

2. TOLDOS BARRY, S.L.- Revisada a documentación denótase a falta de: Copia notarial da escritura nº 259 e Solvencia económica.
3. ROMIAN PRODUCCIONES, S.L.- Revisada a documentación denótase a falta de: Declaración responsable conforme ó modelo que se adxunta nos pregos, Solvencia Económica conforme ós pregos, declaración de adscripción de medios.

Visto o anterior, a Mesa de Contratación considera necesario solicitar aos ofertantes a subsanación dos defectos emendables e a aportación da documentación correspondente, de acordo co establecido no artigo 9 do Prego de Condicións *"Se a Mesa de contratación observase defectos ou omisións emendables na documentación presentada, comunicarao por fax ou por medios electrónicos, informáticos ou telemáticos aos interesados, concedéndose un prazo non superior a tres (3) días hábiles, para que os licitadores os corrixan ou emenden ante a propia Mesa de contratación, baixo apercibimento de exclusión definitiva do licitador se no prazo concedido non procede á emenda da documentación. A documentación requirida deberá ser entregada en prazo no Rexistro da Fundación Semana Verde de Galicia, no enderezo que se indica na cláusula B da folla de especificacións."*


E non habendo mais asuntos que tratar, levántase a sesión, asinando os comparecentes a presente acta.

D. Manuel Sanmartín Alende



Presidente

D. Miguel Sánchez Varela




Vogal

D^a. Silvia Regal López




Vogal

D. Francisco Tomas Couso Gonzalez



Vogal

D. Manuel Bernárdez Carbón



Secretario